



XII Premio de Relato Curto

Texto ganador

## **Paxaros caídos**

Pseudónimo: Sergude

Autoría: **Rocío Leira Castro**



## PAXAROS CAÍDOS

Durante anos Lucía viviu nunha caixa de música que un neno-home contemplaba con ollar apaixonado. Alí era unha bailarina de cristal aloumiñada polo mornío da compañía das fermosas figuriñas que bailaban ó seu redor.

Lucía semellaba un cisne branco, diseminando pétalos de luz por todo o cuarto. Co seu tutú, o brazo erguido e a perna levantada nun ángulo recto, non tiña moito que facer para ser feliz máis que bailar e bailar no balbordo troupelado daquela música celestial que ocupaba os seus días.

O neno-home podía pasar horas enteiras observando os seus movementos, que, como a paleta do pintor máis habelencioso, riscaban sucos de seda na súa alma embelesada.

Lucía daba voltas e xiraba, no manantío da música, borboriñando fervenzas de praceres en todo aquel que ousaba mirala. As notas saían tecidas dun tear metálico e a música avanzaba coma se o tempo nunca fora a deterse por partituras invisibles que a arrolaban. Pero un día aquel neno-home comezou a cambiar. A súa fisionomía xa non gardaba as proporcións de antes. Do seu corpo, convertido agora nunha insignificancia, comezaron a sobresaír dúas mans enormes, que coma arcadas de inverno se inclinaban sobre Lucía, e unha boca inmensa que ocupaba toda a casa e lle roubaba o alento á bailarina.

De cando en vez, se estaba moi anoxado, tamén lle medraban os pés, uns pés enormes que podían dar patadas case tan grandes como a inmensidade do nordés. Pola contra as súas ideas volvéranse irrisorias, e os seus beizos, encollidos pola ausencia de bicos e palabras fermosas, eran agora ladaíñas condenadas a desaparecer.

Dende a súa atalaia, Lucía contemplaba estrañada a metamorfose, ó tempo que as melodías da súa caixa deron tamén en mutar.

As composicións de Mozart, sinfonías lixeiras e agradables, comezaron a endurecerse, a adquirir variacións e cambios, a transformarse nun vento arroutado que lle arrincaba

refachos de choros a Lucía. Era Beethoven, o que agora soaba, o compositor que coa dureza da súa personalidade compuxera aquelas partituras tan complexas. A música de *Para Elisa*, forte e irregular, enchía a caixa, o cuarto e a casa, envorcando as emocións da bailarina, azoutando en labazadas os seus días.

Pero o corpo do neno-home non deixaba de aumentar. A súa lingua medraba e medraba como serpe velenosa e percorría todas as estancias da casa emitindo z Unidos de carraxe que borboriñaban nas horas mortas. Era unha lingua que, como as campás, tanxía responsos capaces de transportar a Lucía ó inferno.

Na caixiña de música comezou entón a soar O Lago dos Cisnes, de Chaikovski, aquel músico ruso neurótico e depresivo que non podía aceptarse a si mesmo, e vivía aterrorizado por temores autoinducidos. A melodía plasmaba desesperación e coa súa cadencia de cheirume vomitivo, abríalle a Lucía as portas da noite e faláballe da crueldade implacable do destino, da tortura do existir e da inminencia da morte.

Ela xa non era quen de seguir o ritmo da música, a brutalidade das súas notas, e deixouse caer no estrondo desa dinamita musical.

A caída non parecía moita cousa, unha escordadura de nocello e pouco máis. Tratou de recuperarse narcotizada polos degoirados desexos da felicidade pasada. Quería seguir sendo a bailarina da súa propia caixa de cristal. Pero nada volveu ser igual. A música facíase cada vez máis e máis intensa e a bailarina pasaba as horas tratando de esquivar os estouridos de pólvora que palpitaban na caixa.

Aquel ritmo xa non lle gustaba. A caixiña convertérase nun ataúde de convulsas tebras, na que se choraban sinfonías de paxaros caídos. Bailar alí era vestirse de orballo cada tarde e podreecer no humus da tristura.

Lucía pedía que lle parasen a música porque se estaba volvendo tola, pero ninguén lle facía caso. Ela seguía a dar voltas e máis voltas activada por un mecanismo que ninguén

ousaba deter. Ata que un día tropezou nunha das súas desilusións, deuse un golpe e caeu de costas. Quería erguerse pero o pé doíalle moito. Xa non podía camiñar e moito menos bailar.

Ó neno xa non lle gustaba aquela bailarina coxa e decidiu golpeala.

Lucía escachou.

A caixa seguiu virando e virando.